

MAGOSTO EN CHAN DA LAGOA (BAIONA)

A principal finalidade desta saída é chegar ao alumnado ás festas máis populares da cultura galega, neste caso o Magosto. Ao celebralo ao aire libre, os nenos e nenas poden ter contacto directo co medio que os rodea, observar, manipular, descubrir cousas novas e desenvolver a súa imaxinación. Estas saídas tamén posibilitan traballar valores como o respecto e o coidado do medio ambiente e a educación viaria, xa que ademais para moito do alumnado de 3 anos é a primeira vez que van en autobús.

A participación nunha saída axuda tamén ao proceso de socialización, posto que desenvolven actitudes de cooperación, axudan a aceptación de normas de convivencia e incita a xerar novos vínculos afectivos entre iguais e cos adultos que os rodean (mestres/as)

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Identificar o magosto como festa tradicional galega.
- Recoñecer o vocabulario básico relacionado con esta festa.
- Situar de xeito cronolóxico a festa do magosto na estación do ano correspondente, tendo en conta as súas características.
- Identificar os alimentos que degustamos na festa do Magosto.
- Valorar a importancia de conservar e transmitir o sentido das nosas festas tradicionais.

A TER EN CONTA

- A MERENDA DEBEN TRAE LA NUNHA BOLSA PEQUENA PECHADA CO SEU NOME.
- DEBEN TRAE R CALZADO AXEITADO PARA ANDAR NO MONTE E ROUPA CÓMODA.
- TODO O ALUMNADO TRAE RÁ UN PUÑADO DE CASTAÑAS PICADAS É UN POU CO DE LEÑA PARA A FOGUEIRA O MESMO DÍA DO MAGOSTO.
- A PARTIR DE TERCEIRO DE PRIMARIA OS NENOS/AS REALIZARÁN UNHA ANDAINA DENDE O COLEXIO DE BELESAR ATA O MERENDEIRO DE CHAN DA LAGOA . A ANDAINA FARASE POR UNHA PISTA FORESTAL E TEN UNHA DURACIÓN APROXIMADA DUNHA HORA.
- TODOS OS NENOS/AS QUE VAN FACER A ANDAINA DEBEN TRAE R O XANTAR NUNHA BOLSA PECHADA CO SEU NOME, POSTO QUE IRÁN POR GRUPOS NOS AUTOCARES. SE QUEREN PARA O CAMIÑO PODEN LEVAR UNHA MOCHILA PEQUENA CON AUGA E MERENDA.
- REGRESARÁN AO CENTRO ARREDOR DAS 16:30 E SERÁN RECOLLIDOS POLAS FAMILIAS.